

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2024 pola que se lle dá publicidade á resolución de concesión dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada (código de procedemento IG300H).*

Mediante a Resolución do 5 de decembro de 2023 (DOG núm. 232, do 7 de decembro), publicáronse as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2024, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 12.3 que a resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da resolución definitiva do 30 de maio de 2024 de concesión dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (epígrafe «Resolucións definitivas» <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>). O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á oficina virtual do Igape, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, para descargar a súa resolución individual. Transcorrido o dito prazo desde a posta á disposición da resolución individual sen que se acceda ao seu contido entenderase rexeitada.

Segundo. As resolucións individuais, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.



tivo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Covadonga Toca Carús  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: 6nm33e15-lvq8-g5z4-ovy9-n0evdczwfje8

